



biblioteca virtual
de literatura universal en galego

<http://www.bivir.com>

DISCURSO DA SERVIDUME VOLUNTARIA

Étienne de la Boétie

Tradución ó galego de Perfecto Andrade

Título orixinal: Discours de la servitude volontaire



Asociación de
Tradutores Galegos

© desta edición electrónica, Asociación de Tradutores Galegos, 2007
© da tradución, Perfecto Andrade, 2007

“Non é bo ter varios señores; teñamos un só;

Que un só sexa o señor, que un só sexa o rei.”

Velaí o que declarou Ulises en público, segundo Homero.

Se dixera só: “Non é bo ter varios señores”, era dabondo. Pero en lugar de deducir que a dominación de varios non pode ser boa, xa que o poder dun só, desde que toma ese título de señor, é duro e non razoable, engade ó contrario: “Teñamos un só señor...”

Quizais haxa que escusar a Ulises de manter esta linguaxe, que lle servía entón para calmar a revolta do exército: creo que adaptaba máis ben o seu discurso ás circunstancias que á verdade. Pero, reflexionando, é unha desgracia extrema estar suxeito a un señor, da bondade do cal non se pode estar seguro nunca, e que sempre ten o poder de ser malvado cando queira. En canto a obedecer a varios señores, é ser outras tantas veces extremadamente desgraciado.

Non quero debater aquí a cuestión axitada tantas veces, a saber “se outros tipos de repúblicas son mellores que a monarquía” Se a tivera que debater, antes de buscar que rango debe ocupar a monarquía entre os diversos modos de gobernar a cousa pública, preguntaría se se debe mesmo acordarlle algún, xa que é difícil de crer que haxa algo público nese goberno no que *todo é dun só*. Pero reservemos para outro momento esta cuestión que merecería ben un tratado a parte, e que provocaría todas as disputas políticas.

Polo momento gustárame só comprender como é posible que tantos homes, tantos burgos, tantas cidades, tantas nacións soporten ás veces a un tirano so que non ten máis poder que o que eles lle dan, que só ten poder de facerlles mal en tanto eles queren ben aturalo, e que non lles podería facer ningún mal se non preferisen sufrir todo del antes que contradicilo. Cousa verdadeiramente sorprendente –e sen embargo tan común que máis ben hai que xemer por ela que admirarse- ver un millón de homes en miserable servidume, coa testa baixo u xugo, non porque os obrigue unha forza maior, senón porque están fascinados, e por así dicir enfeitizados polo so nome dun, que non deberían temer – porque está so- nin amar –xa que é con eles inhuman e cruel. Tal é sen embargo a debilidade dos homes: forzados á obediencia, obrigados a temporizar, non poden ser sempre os máis fortes. Así pois, se unha nación, obrigada pola forza das armas, está sometida ó poder dun so –coma a cidade de Atenas o estivo á dominación

dos trinta tiranos-, non hai que admirarse de que sirva, senón deploralo ben. Ou máis ben, non admirarse nin queixarse, senón soportar a desgracia con paciencia, e reservarse para un futuro mellor.

Estamos feitos de tal xeito que os deberes comúns da amizade absorben unha boa parte da nosa vida. É razoable amar a virtude, estimar as accións fermosas, estar agradecidos polos bens recibidos, e reducir a miúdo o noso propio benestar para aumentar a honra e as vantaxes dos que queremos, e que merecen ser queridos. Así pois, se os habitantes dun país atopan entre eles un deses raros homes que lles dera probas dunha gran previsión para salvagardalos, dunha grande afouteza para defendelos, dunha gran prudencia para gobernalos; se se habitúan á longa a obedecelo e a fiarse del hasta acordarlle unha certa supremacía, non sei se sería sabio sacalo de onde facía o ben para poñelo onde poida facer o mal; parece, en efecto, natural, ter bondade con quen nos proporcionou o ben, e non temer un mal del.

Pero, oh gran Deus!, que é iso logo? Como chamaremos esa desgracia? Que é ese vicio, ese vicio horrible, de ver un número infinito de homes, non só obedecer, senón servir, non ser gobernados, senón tiranizados, sen ter nin bens, nin pais, nin fillos, nin a súa propia vida que sexan deles? Velos sufrir as rapinas, as injurias, as crueldades, non dun exército, non dun campo bárbaro contra os que cada un debería defender o seu sangue e a súa vida, senón dun so! Non dun Hércules ou dun Sansón, senón dun homiño a miúdo o máis covarde, o máis efeminado da nación, que nunca cheirou o po das batallas, nin case pisou a area dos torneos, que non é só inepto para mandar ós homes, senón mesmo para satisfacer á máis pequena mulleriña! Chamarémolles a isto covardía? Chamarémolles viles e covardes a eses homes submisos? Se dous, se tres, se catro ceden a un so, é estraño, pero aínda así posible: poderíase quizais dicir con razón: é falta de valor. Pero se cen, se mil sofren a opresión dun so, aínda se dirá que non ousan atacalo, ou que non *queren*, e que non é covardía senón máis ben desprezo ou desdén?

En fin se vemos non cen, non mil homes, senón cen países, mil cidades, un millón de homes non asaltar ó que os trata coma outros tantos servos e escravos como cualificaremos isto? É covardía? Pero tódolos vicios teñen límites que non poden exceder. Dous homes, e mesmo dez, poden ben temer a un; pero que mil, un millón, mil cidades non se defendan contra un so home, iso non é covardía: ela non vai hasta aí, do

mesmo xeito que a valentía non esixe que un home so escale unha fortaleza, ataque un exército, conquiste un reino. Que vicio monstruoso é logo este, que non merece nin o título de covardía, que non atopa nome feo dabondo, que a natureza rexeita e que a lingua rexeita nomear?...

Que se poñan cara a cara cincuenta mil homes en armas; que se dispoñan en batalla, que cheguen as mans: os uns, libres, combaten pola súa liberdade, os outros combaten para sacárllela. A quen deles lle prometeredes a vitoria? Cales irán máis con máis afouteza ó combate: os que esperan por recompensa manter a súa liberdade, ou os que só esperan como salario dos golpes que dan e que reciben a servidume de outro? Uns teñen sempre diante dos seus ollos a ledicia da súa vida pasada e a esperanza dun benestar igual para o futuro. Pensan menos no que aturan no tempo dunha batalla que no que aturarían vencidos, eles, os seus fillos e toda a súa posteridade. Os outros só teñen por aguillón unha puntiña de desexo que se fai espuma de contado contra o perigo, e o ardor da cal apágase no sangue da súa primeira ferida. Ás batallas tan famosas de Milcíades, de Leónidas, de Temístocles, que datan de fai dous mil anos e que viven aínda hoxe tan frescas na memoria dos libros e dos homes coma se acabaran de librarse onte, en Grecia, polo ben dos gregos e para exemplo do mundo enteiro, que foi o que lles deu a un número tan pequeno de homes, non o poder, senón o valor de soportar a forza de tantas naves que mesmo desbordaban o mar, de vencer nacións tan numerosas que tódolos soldados gregos, en conxunto, non proporcionarían capitáns dabondo para os exércitos inimigos? Neses días gloriosos, era menos a batalla dos gregos contra os persas que a vitoria da liberdade sobre a dominación, da liberación sobre a ambición.

Son verdadeiramente extraordinarios os relatos da valentía que a liberdade pon no corazón dos que a defenden! Pero o que pasa en todos os sitios e todos os días; que un home so oprima cen mil e os prive da súa liberdade, quen podería crelo, se só o oíse e non o vise? E se iso só pasara nos países estranxeiros, en terras de lonxe e que viñeran a contárnolo, quen non crería que ese relato é puramente inventado?

Agora ben, ese tiran so, non hai necesidade de combatelo, nin de abatelo. Derrótase el mesmo, se o país non consente en absoluto a servidume. Non se trata de sacarlle algo, senón de non darlle nada. Non hai necesidade de que o país faga o esforzo de facer algo por si, con tal de que non faga nada contra si. Son pois, os pobos eles

mesmos os que se deixan, ou máis ben, os que se fan maltratar, porque chegaríalles con deixar de servir. É o pobo o que se fai servo e se corta a gorxa; o que, podendo elixir entre estar sometido ou ser libre, rexeita a liberdade e toma o xugo; o que consente o seu mal, ou máis ben o que o busca... Se lle custara algo recobrar a súa liberdade eu non o apuraría; mesmo se o que debe ter máis no corazón é volver ós seus dereitos naturais, e, por así dicir, de animal volverse a facer un home. Pero non espero del tan grande afouteza: admito que prefira calquera seguridade de vivir miserablemente que unha esperanza dubidosa de vivir coma el entende. Pero, que! Se para ter a liberdade basta con desexala, se só fai falta un simple querer, atoparase unha nación no mundo que crea pagala demasiado cara adquiríndoa por un simple desexo? E quen lamentaría a súa vontade de recuperar un ben que se debería recobrar ó prezo do sangue, e a perda do cal fai para todo home de honor amarga a vida e a morte benfeitora? Certo, coma o lume dunha faisquiña crece e faise cada vez máis forte, e canta máis madeira atopa para queimar máis devora, pero se consume e acaba por apagarse el mesmo cando se deixa de alimentalo; do mesmo xeito canto máis pillan os tiranos, máis esixen: canto máis arruinan e destrúen, máis se lles da, máis se lles serve. Fanse tanto máis fortes, vólvense cada vez máis frescos e dispostos a aniquilar e destruír todo. Pero se non se lles da nada, se non se lles obedece, sen combatelos, sen golpealos, quedan espidos e derrotados e xa non son nada, do mesmo xeito que a pola, que non ten seve nin alimento na súa raíz, seca e morre.

Para adquirir o ben que desexa, o home afoutado non teme ningún perigo, ó home avisado non o asusta ningunha pena. Só os covardes e os atrofiados non saben nin aturar o mal, nin recuperar o ben que se limitan a desexar. A enerxía de pretender isto sácalla a súa propia covardía, só lles queda o desexo natural de posuíla. Este desexo, esta vontade común ós sabios e ós imprudentes, ós valentes e ós covardes, failles desexar tódalas cousas que os faría felices e ledos posuír. Só hai unha que os homes, non sei por que, non teñen a forza de desexar: é a liberdade, ben tan grande e tan doce! Desde que está perdida todos os males veñen, e sen ela tódolos outros bens, corrompidos pola servidume, perden enteiramente o seu gusto e o seu sabor. A liberdade, os homes desprézana unicamente, parece, porque se a desexaran, a terían; coma se rexeitaran facer esta preciosa adquisición porque é demasiado fácil.

Pobre xente miserable, pobos insensatos, nacións teimudas no voso mal e cegas para o voso ben! Deixádevos sacar diante dos ollos o máis fermoso e o máis claro das vosas rendas, deixades pillar os vosos campos, roubar e despojar as vosas casas dos vellos mobles dos vosos antepasados! Vivides de tal xeito que xa nada é voso. Parece coma se mirasedes coma unha grande felicidade que vos deixaran só a metade dos vosos bens, das vosas familias, das vosas vidas. E todas estas desfeitas, estas desgracias, esta ruína, non vos veñen dos inimigos, senón certamente do *inimigo*, de aquel mesmo que vos fixestes o que é, de aquel polo que ides tan afoutados á guerra, e pola grandeza do cal non rexeitades ofrecervos vós mesmos á morte. Ese señor só ten sen embargo dous ollos, dúas mans, un corpo, e nada máis que non teña o derradeiro dos habitantes do número infinito das nosas cidades. O que ten de máis son os medios que vos lle proporcionades para destruírvos. De onde saca todos eses ollos que vos espían, se non é de vós? Como ten tantas mans para vos bater, se non volas colle prestadas? Os pes cos que pisa as vosas cidades non son tamén os vosos? Ten poder sobre vós, que non sexa de vós mesmos? Como ousaría asaltarvos se non estivera de acordo con vós? Que mal vos podería facer, se vós no forades os compradores do ladrón que vos rouba, os cómplices do asasino que vos mata e os traidores de vos mesmos? Sementades os vosos campos para que el os devaste, amoblades e enchedes as vosas casas para fornecer as súas pillaxes, educades as vosas fillas para que poida saciar a súa luxuria, alimentades ós vosos fillos para que faga deles soldados no mellor dos casos, para que os leve á guerra, á carnicería, que os faga ministros das súa ambicións e executores das súas vinganzas. Fatigádevos con penas para que el poida compracerse nas súas delicias e refocilarse nos seus sucios praceres. Debilitádevos para que el sexa máis forte, e que vos teña máis rudamente a brida máis corta. E de tantas indignidades que as bestas mesmas non soportarían se as sentiran poderíadesvos liberar se intentarades, xa non liberarvos, senón quere-lo.

Decidídevos a non servir máis, e xa estades libres. Non vos pido que o empuxedes, que o movades, senón que non o sosteñades máis, e verédelo, coma un gran coloso ó que lle romperon a base, afundirse baixo o seu peso e escacharse

Os médicos aconsellan xustamente non intentar curar as chagas incurables, e quizais non fago ben en querer exhortar así a un pobo que parece ter perdido hai moito tempo todo coñecemento do seu mal –o que mostra dabondo que a súa enfermidade é

mortal. Procuremos pois comprender, se é posible, como esta vontade teimuda de servir botou raíces tan fondas que parecería que o amor mesmo da liberdade non é tan natural.

Está fora de dubida, creo, que se vivisemos cos dereitos que temos da natureza e segundo os preceptos que ela nos ensina, estaríamos naturalmente sometidos ós nosos pais, suxeitos á razón, sen ser escravos de ninguén. Cada un de nós recoñece en si, naturalmente, o impulso de obediencia cara o pai e a nai. En canto a saber se a razón é en nós innata ou non –cuestión debatida amplamente polas academias e axitada por toda a escola dos filósofos-, penso non trabucarme ó dicir que hai na nosa alma un xerme natural de razón. Desenvolvido polos bos consellos e os bos exemplos, ese xerme expándese en virtude, pero a miúdo aborta, afogado polos vicios que sobreveñen. O que hai de claro e evidente, que ninguén pode ignorar, é que a natureza, ministro de Deus, gobernante dos homes, creounos a todos e verteunos no mesmo molde, para amosarnos que somos todos iguais, ou máis ben irmáns. E se, na partilla que fixo dos seus dons, prodigou algunhas avantaxes de corpo ou de espírito a uns máis que a outros, non quixo sen embargo poñernos neste mundo coma nun campo de batalla, e non enviou aquí os máis fortes ou os mais hábiles coma bandidos armados nunha fraga para que maltrataran alí ós máis débiles. Creamos máis ben que ó facer deste xeito partes máis grandes para uns, máis pequenas para outros, ela quixo facer nacer neles a afección fraterna e poñelos en situación de practicala, xa que uns teñen o poder de dar axuda mentres que os outros teñen necesidade de recibila. Así pois, xa que esta boa nai nos deu a todos toda a terra coma fogar, xa que nos aloxou a todos na mesma casa, formounos a todos segundo o mesmo modelo a fin de que cada un puidese mirar e case recoñecerse nos outros coma nun espello, xa que nos fíxo a todos ese fermoso agasallo da voz e da palabra para atoparnos mellor e fraternizar e para producir, pola comunicación e o intercambio dos nosos pensamentos, a comunión das nosas vontades; xa que ela procurou por todos os medios facer e apertar o nó da nosa alianza, da nosa sociedade, xa que mostrou en tódalas cousas que non nos quería só unidos, senón coma un so ser, como dubidar entón de que non sexamos todos naturalmente libres, xa que somos todos iguais? Non pode entrar no espírito de ninguén que a natureza puxera alguén en servidume, xa que nos puxo a todos en compañía.

A dicir verdade, é ben inútil preguntarse se a liberdade é natural, xa que non se pode ter a ningún ser en servidume sen facerlle mal: non hai nada no mundo máis contrario á natureza, toda razoable, que a inxustiza. A liberdade é pois natural; é por iso que, ó meu xuízo, non só nacemos con ela, senón tamén coa paixón de defendela.

E se por azar se atopa xente que dubide aínda –desnaturados ó punto de non recoñecer os seus dons e as súas paixóns nativas-, téñolles que facer o honor que merecen e erguer, por así dicir, os animais brutos en carne, para ensinalles a súa natureza e a súa condición. Os animais, se Deus me axuda, se os homes queren ben entendelos, bérnanlles: “Viva a liberdade!” Moitos deles morren nada máis prendelos. Coma o peixe que perde a vida en canto o sacan da auga, eles déixanse morrer para non sobrevivir á súa liberdade natural. Se os animais tiveran entre eles preeminencias, farían desta liberdade a súa nobreza. Outros animais, dos máis grandes ós máis pequenos, cando os prenden, resisten tan forte coas unllas, cos cornos, cos fociños e cos pes que amosan dabondo que prezo lle dan ó que perden. Unha vez presos, dánnos tantos signos flagrantes do coñecemento da súa desgracia que é fermoso velos languidecer entón máis que vivir, e xemer pola súa ledicia perdida máis que compracerse na servidume. Que outra cousa quere dicir o elefante cando, despois de defenderse hasta o fin, sen máis esperanza, a punto de ser preso, afunde as súas mandíbulas e rompe os seus dentes contra as árbores, senón que o seu grande desexo de seguir libre lle da intelixencia e lle aconsella que negocie cos cazadores: para ver se pode liberarse polo prezo dos seus dentes e se o seu marfil, deixado coma rescate, comprará de novo a súa liberdade?

Gabamos ó cabalo desde o seu nacemento para habitualo a servir. As nosas caricias non lle impiden morder o seu freo, revolverse baixo a espola cando se quere domalo. Quere testemuñar deste xeito, me parece, que non serve de grado, senón baixo a nosa presión. Que máis dicir?

“Mesmo os bois, baixo o xugo, xemen, e os paxaros, na gaiola, quéixanse.” Xa o dixen noutro tempo en verso...

Así pois, xa que todo ser provisto de sentimentos sente a desgracia da suxeición e corre detrás da liberdade; xa que os animais, mesmo afeitos ó servizo do home, só poden someterse a el despois de teren protestado cun desexo contrario, que desgracia puido desnaturar ó home –o único verdadeiramente nacido para vivir libre- hasta o

punto de facerlle perder a lembranza do seu primeiro estado e o desexo de volver a tomalo?

Hai tres tipos de tiranos.

Uns reinan pola elección do pobo, os outros pola forza das armas, os derradeiros pola sucesión da raza. Os que adquiriron o poder polo dereito da guerra compórtanse nel –sábese e dise con moita xustiza- coma nun país conquistado. Os que nacen reis, en xeral, non son case mellores. Nacidos e alimentados no seo da tiranía, chupan co leite a natureza do tirano e miran os pobos que lles están sometidos coma os seus servos hereditarios. Segundo a súa inclinación dominante –avaros ou pródigos- usan do reino coma da súa herdanza. En canto ó que ten o seu poder do pobo, parece que debería ser máis soportable; seríao, creo, se desde o momento no que se ve elevado por riba de tódolos outros, afagado por algo que lle chaman grandeza, non decidira non moverse máis de alí. Considera case sempre o poder que o pobo lle legou como algo que debe transmitir ós seus fillos. Agora ben, desde que estes adoptaron esta opinión, é estraño ver canto exceden en todo tipo de vicios, e mesmo en crueldades a tódolos outros tiranos. Non atopan mellor medio para asegurar a súa nova tiranía que reforzar a servidume e apartar tan ben as ideas de liberdade do espírito dos seus suxeitos que, por recente que sexa a lembranza, bórrase logo da súa memoria. A dicir verdade, eu atopo neste tiranos algunhas diferencias, pero de elección, non as vexo: xa que se chegan ó trono por medios diversos, o seu xeito de reinar é sempre máis ou menos o mesmo. Os que son elixidos polo pobo trátano coma un touro que hai que domar, os conquistadores, coma á súa presa, os sucesores coma un rabaño de escravos que lles pertence por natureza.

Eu faría esta pregunta: se por azar nacesse hoxe algunha xente nova de todo, nin habituados á suxeición, nin adictos á liberdade, que ignoraran mesmo o nome dunha e doutra e que se lles propuxera estar sometidos ou vivir libres Cal sería a súa elección? Sen dúbida algunha preferirían con moito obedecer á soa razón que servir a un home, a menos que sexan coma esa xente de Israel que, sen necesidade nin obrigación, se deu un tirano. Nunca leo a súa historia sen experimentar unha pena extrema que me levaría case a ser inhumano, hasta aledarme de tódolos males que lles pasaron. Xa que para que os homes, en tanto son homes, se deixen suxeitar, fai falta das dúas cousas unha: ou que

se vexan obrigados, ou que sexan enganados. Obrigados polas armas estranxeiras coma o foron Esparta e Atenas polas de Alexandre, ou enganados polas faccións coma o foi o goberno de Atenas, caído antes nas mans de Pisístrato. Perden a miúdo a súa liberdade sendo enganados, pero son menos a miúdo seducidos por outro que enganados por eles mesmos.

Así, o pobo de Siracusa, capital de Sicilia, apremado polas guerras, pensando só no perigo do momento, elixiu a Dionisio Primeiro e doulle o mando do exército. Non se decatou de que o fixera tan poderoso hasta que ese astuto, volvendo vitorioso coma se vencera os seus concidadáns, máis que os seus inimigos, fíxose primeiro capitán, despois rei, e de rei, tirano. É increíble ver como o pobo, desde que está sometido, cae a miúdo nun profundo esquecemento da súa liberdade que lle é imposible acordar para reconquistala: serve tan ben e de tan boa gana, que ó velo diríase que non perdeu a súa liberdade, senón que *gañou* a súa servidume.

É verdade que ó principio sérvese obrigado e vencido pola forza; pero os sucesores serven sen lamentarse e fan de boa gana o que os seus devanceiros fixeran por obriga. Os homes nados baixo o xugo e despois alimentados e educados na servidume, sen mirar máis adiante, conténtanse de vivir coma naceron e non pensan en ter máis bens e máis dereitos que os que atoparon; toman polo seu estado de natureza o estado do seu nacemento.

Aínda así, non hai herdeiro, mesmo pródigo ou negligente, que non leve un día os ollos sobre o rexistro do seu pai para ver se esta en posesión de tódolos dereitos da súa sucesión e se non emprenderon nada contra el ou o seu predecesor. Pero o hábito, que exerce en tódalas cousas un poder tan grande sobre nós, ten sobre todo o de ensinarnos a servir e, coma din de Mitrídates, que acabou por habituarse ó veneno, o de ensinarnos a tragar o veneno da servidume sen atopalo amargo. Non hai dúbida de que a natureza nos dirixe onde ela quere, ben ou mal dotados, pero hai que confesar que ten menos poder sobre nós que o hábito. Por moi boa que sexa a natureza, pérdese se non se mantén, e o hábito fórmanos sempre ó seu xeito, a despeito da natureza. As sementes do ben que a natureza pon en nós son tan pequenas, tan fráxiles que non poden resistir o menor choque cun hábito contrario. Mantéñense menos facilmente que se desnaturan, e mesmo dexeneran, coma as árbores froiteiras que conservan as características da súa

especie mentres se lles deixa vir, pero que as perden para levar froitos diferentes dos seus, segundo o xeito no que se lles emporca.

As herbas tamén teñen cada unha a súa propiedade, a súa natureza, a súa singularidade; sen embargo a duración, as intemperies, o solo ou a man do xardineiro aumentan ou diminúen en moito as súas virtudes. A planta que se viu nun país a miúdo xa non é recoñecible noutro. O que vira ós venecianos, un puñado de xente vivindo tan libremente que o máis miserable de entre eles non queredría ser rei, nacidos e educados de xeito que non coñecen outra ambición que a de manter o mellor posible a súa liberdade, educados e formados desde o berce de tal xeito que non cambiarían unha fáiça da súa liberdade por tódalas outras felicidades da terra... O que, digo, vira esa xente, e que se fora despois ó dominio de algún “gran señor”, atopando alí xente que só naceu para servilo e que abandona a súa propia vida para manter o seu poder, pensaría que eses dous pobos son da mesma natureza? Ou non crería máis ben que saíndo dunha cidade de homes, entrou nun parque de animais?

Disque Licurgo, o lexislador de Esparta, alimentara dous cans, os dous irmáns, os dous criados co mesmo leite. Un engordaba na cociña, o outro estaba habituado a correr os campos ó son da trompa e da corneta. Querendo amosarlles ós lacedemonios que os homes son como a cultura os fixo, expuxo os dous cans na praza pública e puxo entre eles unha sopa e unha lebre. Un correu ó prato, o outro á lebre. E sen embargo, dixo, son irmáns!

Aquel, coas súas leis e a súa arte política, educou e formou tan ben ós lacedemonios que cada un deles prefería sufrir mil mortes antes de someterse a un señor distinto da lei e da razón.

Práceme recordar aquí unha anécdota que concernía a un dos favoritos de Xerxes, gran rei de Persia, e dous espartanos. Cando Xerxes facía os seus preparativos de guerra para conquistar toda Grecia, enviou ós seus embaixadores a diferentes cidades de ese país para pedir auga e terra –era o xeito que tiñan os persas de cominar ás cidades a renderse. Gardouse ben de envialos a Esparta e Atenas porque os espartanos e os atenienses, ós que o seu pai Darío llos enviara antes, os botaran, uns nos fosos, outros nos pozos dicíndolles: “Veña, collede aí auga e terra, e levádellas ó voso príncipe.” Esa xente non podía sufrir que, mesmo pola menor palabra, atentaran contra a súa liberdade. Os espartanos recoñeceron que actuando así, ofenderan ós deuses, e sobre todo Taltibia,

o deus dos heraldos. Resolveron, pois, para calmalos, enviar a Xerxes dous dos seus concidadáns para que ó dispor deles ó seu gusto, puidera vingarse deles da morte dos embaixadores do seu pai.

Dous espartanos, un chamado Sperties e o outro Bulis, ofrecéronse coma vítimas voluntarias. Marcharon. Chegados ó palacio dun persa chamado Hydarnes, lugartenente do rei para tódalas cidades de Asia que tiñan costa, este acolleunos moi honrosamente, coidounos moito e, dunhas cousas a outras, preguntoulles por que rexeitaban tan fortemente a amizade do rei. “Espartanos, dixo, mirade polo meu exemplo como sabe o rei honrar ós que o merecen. Crede que se estiverades ó seu servizo e vos coñecera, seriades os dous gobernadores dalgunha cidade grega.” Os lacedemonios responderon: “Nisto, Hydarnes, non poderías darnos un bo consello; porque se ben probaches a ledicia que nos prometes, ignoras completamente a que nós gozamos. Experimentaches o favor do rei, pero non sabes que gusto delicioso ten a liberdade. Agora ben, se só a probaras, aconsellaríasnos que a defendésemos, non só coa lanza e o escudo, senón con unllas e dentes” Só os espartanos dicían verdade, pero cada un falaba aquí segundo a educación que recibira. Porque lle era tan imposible ó persa lamentar a liberdade que nunca gozara que ós espartanos, que a saborearan, aturar a escravitude.

Catón de Utica, cando aínda era neno e baixo a férula do seu mestre, ía a miúdo a ver o ditador Sila na casa do cal tiña dereito a entrar, tanto a causa do rango da súa familia como dos seus vínculos de parentesco. Nestas visitas, ía sempre acompañado do seu preceptor como era uso en Roma para os fillos dos nobres. Viu un día que no hotel mesmo de Sila, na súa presenza ou por orden súa, apresaban a uns e condenaban a outros; un era desterrado, o outro estrangulado. Un pedía a confiscación dos bens dun concidadán, outro a súa cabeza. En suma, todo pasaba alí non coma na casa dun maxistrado da cidade, senón como na casa dun tirano do pobo; era menos o santuario da xustiza que unha caverna de tiranía. Ese mozo dixo ó seu preceptor “Por que non me da un puñal? Ocultareino na miña roupa. Entro decote na habitación de Sila antes de que se levante... Teño o brazo forte dabondo para liberar a cidade.” Velaí verdadeiramente a palabra dun Catón. Ese principio dunha vida era digno da súa morte. Calade o nome e o país, contade só o feito coma é, fala por el mesmo. Logo se dirá: “Ese neno era romano, nacido en Roma, cando esta era libre.” Por que digo isto? Certo, non pretendo que o

país e o solo non fagan nada, porque en todos e en calquera lugar a escravitude é amarga para os homes e a liberdade lles é querida. Pero paréceme que se debe ter piedade dos que, ó nacer, se atopan xa baixo o xugo, que se lles debe escusar ou perdoar se, ó non ter visto mesmo a sombra da liberdade, e non oíndo nunca falar dela, non senten a desgracia de ser escravos. Se hai países, como Homero di dos cimerios, onde o sol se aparece completamente diferente que a nós, onde despois de alumealos durante seis meses consecutivos, déixaos na escuridade durante os outros seis meses, hai que asombrarse de que os que nacen durante esta longa noite, se nunca oíron falar da claridade, nin viron nunca o día, se habitúan as tebras nas que naceron sen desexar a luz?

Nunca se bota de menos o que nunca se tivo. A pena só ven despois do pracer e sempre, ó coñecemento da desgracia únese a memoria dalgunha ledicia pasada. A natureza do home é de ser libre e de querer selo, pero toma facilmente outro xiro cando llo da a educación.

Digamos pois que, se tódalas cousas se fan naturais para o home cando se habitúa a elas, só permanece na súa natureza o que só desexa as cousas simples e non alteradas. Así, a primeira razón da servidume voluntaria é o hábito. Velaí o que lles pasa ós cabalos máis bravos que primeiro morden o seu freo, e despois non lles importa, que bufando antes baixo a sella, preséntanse agora baixo o arnés por si mesmos e, orgullosos, erguen a testa baixo a armadura.

Din que sempre foron suxeitos, que os seus pais viviron así. Pensan que deben aturar o mal, persuádense con exemplos e eles mesmos consolidan, pola duración, a posesión dos que os tiranizan.

Pero en verdade os anos non dan nunca o dereito de actuar mal. Aumentan a inxuria. Sempre se atopa algúns, mellor nados que outros, que senten o peso do xugo e non poden reterse de sacudilo, que non se habitúan nunca ó sometemento e que, coma Ulises buscaba por terra e por mar volver a ver o fume da súa casa, non se preocupan de esquecer os seus dereitos naturais, as súas orixes, o seu primeiro estado, e apresúranse a reivindicalos en toda ocasión. Aqueles, tendo o entendemento limpo e o espírito clarividente, non se contentan, coma os ignorantes, con ver o que está ós seus pes sen mirar nin detrás nin diante. Rememoran as cousas pasadas para xulgar o presente e prever o futuro. Son eles os que, tendo a cabeza ben feita por si, afinárona aínda máis

polo estudio e o saber. Aqueles, cando a liberdade estivera enteiramente perdida e desterrada deste mundo, imaxínana e séntena no seu espírito, e saboréana. E a servidume dálles noxo, por moito que a adornen.

O gran turco decatouse ben de que os libros e o pensamento dan máis que calquera outra cousa ós homes o sentimento da súa dignidade e o odio da tiranía. Comprendo que no seu país non teña case sabios, nin os pida. O celo e a paixón dos que seguiron sendo, a pesar das circunstancias, os devotos da liberdade, quedan comunmente sen efecto, calquera que sexa o seu número, porque non poden oírse. Os tiranos sácanlles toda liberdade de facer, de falar e case de pensar, e quedan illados nos seus soños. Momus non andaba demasiado de bromas cando atopaba que reporlle ó home forxado por Vulcano, xa que non tiña unha fiestriña no corazón, para que se puideran ver os seus pensamentos...

Dise que Bruto e Casio, cando intentaron liberar Roma (é dicir, o mundo enteiro), non quixeron en absoluto que Cicerón, ese gran celador de ben público participara, xulgando o seu corazón demasiado feble para un feito tan grande. Crían ben no seu querer, pero non no seu valor. O que queira lembrar os tempos pasados e compulsar os anais vellos convencerase de que case todos os que vendo o seu país maltratado e en malas mans, formaron o designio de liberalo, cunha intención boa, enteira e dereita, conseguírono facilmente; para manifestarse ela mesma, a liberdade veu sempre na súa axuda. Harmodius, Aristogiton, Trasíbulo, Bruto o vello, Valerio e Dión, que concibiron un proxecto tan virtuoso, executárono con felicidade. En tales casos, a vontade firme garante case sempre o éxito. Bruto o novo e Casio conseguiron romper a servidume; morreron cando intentaron traer a liberdade, non miseravelmente –xa que quen ousaría atopar nada miserable nin na súa vida nin na súa morte?- pero con gran dano, para a desgracia perpetua e a ruína enteira da república, que, me parece, foi enterrada con eles. As outras tentativas iniciadas despois contra os emperadores romanos só foron as conxuracións dalgúns ambiciosos o fracaso e mal fin das cales non son de lamentar, visto que non querían derrocar o trono, senón simplemente sacudir a coroa, buscando botar ó tirano para gardar mellor a tiranía. En canto a aqueles, molestárame ben que o conseguiran, e estou contento de que amosaran polo seu exemplo que non hai que abusar do santo nome da liberdade para conducir unha mala acción.

Pero para volver ó meu tema, que case perdera de vista, a primeira razón pola que os homes serven voluntariamente é que nacen servos e que son educados como tales. Desta primeira razón deriva esta outra: que baixo os tiranos a xente faise facilmente covarde e efeminada. Agradézolle ó gran Hipócrates, pai da medicina, de telo notado tan ben no seu libro *Das enfermidades*. Este home tiña bo corazón, e amosouno cando o rei de Persia quixo atraelo cerca del a forza de ofrecementos e grandes presentes; respondeulle francamente que para el sería un caso de conciencia ocuparse en curar ós bárbaros que querían matar ós gregos, e en servir coa súa arte ó que quería levar o seu país á servidume. A carta que lle escribiu aínda se atopa hoxe nas súas outras obras: sempre dará testemuña do seu valor e a súa nobreza.

É certo que coa liberdade pérdese de contado a valentía. A xente submisa non ten nin ardor nin pugnacidade no combate. Van a el coma atados e atrofiados liberándose con pena dunha obriga. Non senten bulir no seu corazón o ardor da liberdade que fai desprezar o perigo e da ganas de gañar, cunha fermosa morte ó lado dos seus compañeiros, a honra e a gloria. Nos homes libres, ó contrario, é en rivalidade, a cada cal mellor, cada un para todos e cada un para si: saben que recollerán unha parte igual do mal da derrota ou do ben da vitoria Pero a xente submisa, desproveita de valor e vivacidade, ten o corazón baixo e brando e é incapaz de toda gran acción. Os tiranos sábeno ben. Tamén fan todo o posible para apoltronalos mellor.

O historiador Xenofonte, un dos máis serios e máis estimados entre os gregos, fixo un libriño no que fai dialogar a Simónides con Hieron, tirano de Siracusa, sobre as miserias do tirano. Este libro está cheo de leccións boas e graves que teñen tamén, penso eu, unha gracia infinita. Quixera Deus que tódolos tiranos que houbo sempre o puxeran diante deles a xeito de espello. De seguro que terían recoñecido as súas verrugas e terían vergonza das súas máculas. Ese tratado fala da pena que experimentan os tiranos, que ó facer mal a todos, vense obrigados a temer a todo o mundo. Di, entre outras cousas, que os malos reis toman ó seu servizo mercenarios estranxeiros porque xa non ousan darlles as armas ós seus suxeitos, que maltrataron. Mesmo en Francia, aínda máis antes que agora, algúns bos reis tiveron ben ó seu soldo tropas estranxeiras, pero era máis ben para salvagardar ós seus propios suxeitos; non miraban o gasto para salvar homes. Era tamén, creo, a opinión do gran Escipión o africano, que prefería ter salvado a vida dun

cidadán que ter derrotado cen inimigos. Pero o que é certo é que o tirano non cree nunca que o seu poder está asegurado se non chegou ó punto de ter por suxeitos homes sen valor. Poderíasele dicir, con xustiza o que, segundo Terencio, Trasón dicía ó señor dos elefantes: “É vostede tan bravo que ten conta dos animais?”

Esta estratagem dos tiranos de embrutecer os seus suxeitos nunca foi máis evidente que na conduta de Ciro cos lidios, despois de que tomara a súa capital e que tomara por cativo a Cresos, ese rei tan rico. Leváronlle a nova de que os habitantes de Sardes se rebelaran. Reduciunos pronto á obediencia. Pero non querendo saquear unha cidade tan fermosa, nin estar obrigado a manter un exército para controlala, aconsellouse cun expediente admirable para asegurarse a súa posesión. Estableceu nela bordeis, tabernas e xogos públicos, e publicou unha ordenanza que obrigaba ós cidadáns a ir. Saíulle tan ben que no que seguiu non tivo máis que sacar a espada contra os lidios. Eses miserables divertíronse inventando unha chea de xogos, tanto que co seu nome mesmo, os latinos formaron a palabra pola que designaban o que nos chamamos pasatempos, que eles chamaban *ludi*, por corrupción de *Lydi*.

Non tódolos tiranos declararon tan expresamente querer efeminar ós seus suxeitos; pero de feito, o que aquel ordenou formalmente, a maioría deles o fixo as agochadas. Tal é a inclinación natural do pobo ignorante que, de ordinario, é máis numeroso nas vilas: sospeita do que o ama e confía no que o engana. Non creades que hai ningún paxaro que se prenda mellor na trampa, nin ningún peixe, que, pola larpeirada do verme, morda máis rápido o anzol, que todos eses pobos que se deixan prontamente atraer á servidume, polo máis pequeno doce que se lles fai probar. É cousa marabillosa que se deixen ir tan prontamente, por pouco que se lles fagan cóxegas. O teatro, os xogos, as farsas, os espectáculos, os gladiadores, os animais curiosos, as medallas, os cadros e outras drogas desta especie eran para os pobos vellos os cebos da servidume, o prezo da súa liberdade roubada, os instrumentos da tiranía. Este medio, esta práctica, estes tentacións eran os que usaban os vellos tiranos para durmir ós seus súbditos baixo o xugo. Así os pobos embrutecidos, atopando fermosos todos estes pasatempos, divertidos por un van pracer que os cegaba, habituábanse a servir tan ó parvo pero peor que os meniños aprenden a ler con imaxes brillantes.

Os tiranos romanos aínda foron alén destes medios facendo a miúdo festexar as decurias, enchendo como facía falta a esa canalla que se deixa ir máis que a toda outra

cousa ó pracer da boca. Así, o máis esperto entre eles non tería deixado a súa escudela de sopa para recuperar a liberdade da República de Platón. Os tiranos eran xenerosos co cuarto de trigo, co sétimo de vino, co sestercio, e daba pena oír entón: “Viva o rei” Eses torpes non se decataban de que non facían máis que recobrar unha parte do seu ben, e que esta parte mesma que recobran, o tirano non tería podido darllela se antes non llela tivera quitado. Un recollía hoxe o sestercio, outro enchíase no festín público bendicindo a Tiberio e Nerón pola súa liberalidade e eles ó día seguinte, obrigados a abandonar os seus bens á avidez, os seus nenos á luxuria, o seu mesmo sangue á crueldade de eses emperadores magníficos, non dicían palabra, non máis que unha pedra, e non rebulían, non máis ca unha cepa. O pobo ignorante sempre foi así: para o pracer que non pode recibir honestamente, esta todo disposto e disoluto; para o mal e a dor que pode sufrir honestamente, é insensible.

Non vexo a ninguén hoxe que, oíndo falar de Nerón, non trema co so nome de ese vilán monstro, de esa sucia peste do mundo. Hai que dicir sen embargo, que trala morte, tan noxenta coma a súa vida, deste botafogo, dese verdugo, deste animal salvaxe, ese famoso pobo romano sentía tanto desgusto, lembrando os seus xogos e festíns, que estivo a piques de levar loito. Ó menos é o que escribe Tácito, autor excelente, historiador dos máis fiables. E non se atopará isto estraño se consideramos o que ese mesmo pobo fixera xa á morte de Xulio César, que ignorara as leis e a liberdade romana. Gababan sobre todo, paréceme, neste personaxe, a súa “humanidade”: agora ben, esta foi máis funesta para o seu país que a máis grande crueldade do máis salvaxe tirano que vivira nunca, pois en verdade foi esa dozura velenosa a que lle botou mel á beberaxe da servidume para o pobo romano. Trala súa morte, aquel pobo, que aínda tiña na boca o sabor dos seus banquetes, e no espírito a memoria das súas prodigalidades, amoreou os bancos da praza pública para facerlle unha gran cacharela de honra: despois elevoulle unha columna coma o *Pai do pobo* (o capitel levaba esta inscrición); en fin, fíxolle máis honores a este morto do que lle debera facer a un vivo, e en primeiro lugar ós que o mataran.

Os emperadores romanos non esquecían sobre todo tomar o título de *Tribuno do pobo*, porque este oficio o tiñan por santo e sagrado; establecido para a defensa e a protección do pobo, gozaba de gran favor no Estado. Asegurábanse por este medio que

o pobo se fiaría máis deles, coma se lles chegara con oír ese *nome*, sen ter necesidade de sentir os seus efectos.

Pero non o fan moito mellor os de hoxe que, antes de cometer os seus crimes máis graves, fanos preceder sempre dalgúns discursos bonitos sobre o ben público e o alivio dos desgraciados. É coñecida a fórmula que usan tan finamente: pero pódese falar de fineza onde hai tanta impudencia?

Os reis de Asiria, e despois deles os reis medas, aparecían en público o máis raramente posible, para que o pobo supuxera que había neles algo de sobrehumano e deixar soñar ós que se traballan a imaxinación coas cousas que non poden ver cos seus propios ollos. Así, tantas nacións que estiveron moito tempo baixo o imperio de eses reis misteriosos habituáronse a servilos, e servíronos de tanta máis boa gana canto que ignoraban quen era o seu señor, ou mesmo se tiñan un; de tal xeito que vivían no medo dun ser que ninguén vira nunca.

Os primeiros reis de Exipto case nunca se amosaban sen levar ou unha pola ou lume sobre a cabeza: enmascarábanse e facían os titiriteiros, inspirando por estas formas estrañas respecto e admiración ós seus suxeitos que, se non foran tan estúpidos ou submisos, deberían terse burlado ou rido. É verdadeiramente lamentable descubrir todo o que facían os tiranos dos tempos pasados para fundar a súa tiranía, ver de que medios cativos se servían, atopando sempre ó populacho tan ben disposto cara a eles que só tiñan que botar as redes para collelo: nunca tiveron máis facilidade para enganalo e nunca conseguiron que os serviran mellor que cando máis se burlaban del.

Que direi doutra trapallada que os pobos vellos tomaron por diñeiro ó contado? Creron firmemente que o dedo do pé de Pirro, rei de Épiro, facía Miragres e curaba ós enfermos de bazo. Adornaron aínda máis este conto dicindo que cando acabaron de queimar o cadáver deste rei, atoparon o dedo na borraralla, salvado do lume, intacto.

O pobo fabricou así sempre el mesmo as mentiras; para engadirilles despois unha fe estúpida. Bo número de autores relataron estas mentiras; vese facilmente que as recolleron nos falares das cidades e as fábulas dos ignorantes. Tales son as marabillas que fixo Vespasiano, volvendo de Asiria e pasando por Alexandría para volver a Roma a ocupar o imperio: curaba ós coxos, facía clarividentes ós cegos, e mil outras cousas que só podían crer, na miña opinión, os que aínda estaban máis cegos que os que curaba.

Os tiranos mesmos atopaban estraño que os homes sufrisen que outro os maltratase, por iso cubríanse de boa gana co manto da relixión e revestíanse tanto como podían dos ouropeis da divindade para avalar a súa mala vida. Así Salmoneo por burlarse do pobo facendo o seu Xúpiter, atópase agora no fondo do inferno, segundo a Sibila de Virxilio que o viu alí:

“Alí, dos fillos de Alois xacen os corpos enormes
Os que, fendendo os aires coas súas testas deformes
Ousaron atentar contra as moradas dos Deuses,
E do trono eterno expulsar ó Rei dos ceos
Alí, vin deses deuses o rival sacrilexio
Que do raio usurpando o divino privilexio
Para arrincar ó pobo un criminal incenso
De catro afoutados recadeiros de pes ruidosos
Enganchando un van carro na Elide tremente
Cun fachón na man sementaba o espanto:
Insensato quen, do ceo pretendido soberano
Polo ruído do seu carro e da súa ponte de bronce
Do trebón imitaba o ruído inimitable
Pero Xúpiter lanzou o lóstrego verdadeiro
E envorcou, cuberto dun remuíño de lume,
O carro e os corredores e o lóstrego e o Deus:
O seu triunfo foi curto, a súa pena é eterna.”

Se o que quixo simplemente facer o idiota se atopa aí tan ben tratado, penso que os que abusaron da relixión para facer mal atoparanse aínda en mellor situación.

Os nosos tiranos de Francia sementaron tamén algo do mesmo tipo: sapos, flores de lis, a Santa Ampola e a oriflama. Todas estas son cousas que, pola miña parte, non quero crer que sexan máis que lérias, xa que os nosos antigos crían nelas e que no noso tempo non tivemos ningunha ocasión de sospeitar que foran así. Porque tivemos algúns reis tan bos na paz, tan valentes na guerra que, aínda que naceran reis, parece que a natureza non os fixo coma os outros e que o deus todopoderoso os escolleu antes do seu nacemento para confiarlles o goberno e a garda deste reino. E cando isto non fora así,

non queredría entrar en liza para debater a verdade das nosas historias, ni examinalas demasiado libremente para non arrebatarse ese fermoso tema onde se poderá esgrimir tan ben a nosa poesía francesa, esta poesía non só embelecida, senón por así dicir, refeita de novo polos nosos Ronsard, Baïf e du Bellay: fan progresar a nosa lingua tanto que pronto, atévome a esperalo, non teremos nada que lles envexar ós gregos nin ós latinos, fora do dereito do vinculeiro.

Certo, fariálle eu gran mal á nosa rima (uso de boa gana esta verba que me gusta, porque aínda que varios a fixéran puramente mecánica, aínda así vexo bastantes outros capaces de ennobrecela e de devolverlle o seu primeiro lustre). Fariálle, digo, gran mal arrebatándolle eses fermosos contos do rei Clovis, nos cales se aledará tan a gusto, tan facilmente, a inspiración do noso Ronsard, na súa *Franciade*. Comprendo o alcance, coñezo o seu espírito fino e son consciente da gracia do home. Ocuparase da oriflama tan ben coma os romanos se ocupaban dos seus escravos e deses “escudos do ceo abaixo tirados” dos que fala Virxilio. El sacará da nosa Santa Ampola un partido tan bo coma os atenienses sacaron da súa cesta de Erisictone. Falará dos nosos escudos de armas tanto coma eles da súa oliveira, que pretenden que aínda existe na torre de Minerva. Certo, eu sería temerario ó querer desmentir os nosos libros e correr así sobre as terras dos nosos poetas.

Pero para volver ó meu tema, do que me arredei non sei demasiado como, Non é claro que os tiranos, para reafirmarse, se esforzaron en habituar ó pobo, non só á obediencia e á servidume, senón tamén á súa devoción? Todo o que dixen hasta aquí dos medios empregados polos tiranos para facerse servir só se exerce sobre a xentiña ignorante.

Chego agora a un punto que é, penso eu, o resorte e o segredo da dominación, o sostén e o fundamento de toda tiranía. O que pensara que as alabardas, as gardas e as patrullas garanten os tiranos, enganaríase ben. Sérvense deles, creo, pola forma e coma espantallos, máis que fiarse deles. Os arqueiros impiden a entrada ós palacios ós inhábiles que non teñen ningún medio de facer mal, non ós audaces ben armados. Vese facilmente que, entre os emperadores romanos, son menos numerosos os que escaparon ó perigo gracias ó socorro dos seus arqueiros que os que foron matados por eses mesmos arqueiros. Non son as bandas de xente a cabalo, as compañías de soldados de infantaría, non son as armas as que defenden ó tirano, senón sempre (custara crelo ó

principio, aínda que sexa a verdade exacta) catro ou cinco homes que o sosteñen e que lle someten todo o país. Sempre foi así: cinco ou seis tiñan os oídos do tirano e se lle achegaron por si, ou ben os chamou el para ser os cómplices das súas crueldades, os compañeiros dos seus praceres, os chulos das súas voluptuosidades e os beneficiarios das súas rapinas. Eses seis dirixen tan ben ó seu xefe que se volve malo contra a sociedade, non só da súa propia maldade senón da deles. Eses seis teñen baixo eles seiscentos, ós que corrompen tanto coma corromperon o tirano. Eses seiscentos teñen baixo a súa dependencia seis mil que educan na dignidade. Fanlles dar o goberno das provincias ou o manexo do diñeiro para telos pola súa avidez ou pola súa crueldade, para que as exerzan cando eles queiran e fagan por outra banda tanto mal que só poidan manterse baixo a súa sombra, que só poidan eximirse das leis e das penas gracias á súa protección. Grande é a serie dos que os seguen. E o que queira ensarillar o fio verá que non seis mil, senón cen mil e millóns están unidos ó tirano por esta cadea ininterrompida que os solda e os ata a el, coma Homero lle fai dicir a Xúpiter, que alardea, tirando de tal cadea, de atraer ó seu carón a tódolos deuses. De aí viña o crecemento do poder do Senado baixo Xulio César, o establecemento de novas funcións, a institución de novos oficios, non de certo para reorganizar a xustiza, senón para dar novo sostén á tiranía. En suma polas ganancias e os favores que se obteñen dos tiranos, chégase a tal punto que son case tan numerosos os que se benefician da tiranía coma os que lles gustaría a liberdade.

Ó dicir dos médicos, aínda que nada pareza cambiado no noso corpo, a partir do momento en que se manifesta un tumor nun único lugar, tódolos humores van cara a esta parte podre. Do mesmo xeito, desde que un rei se declara tirano, todo o malo, tódalas feces do reino, non digo unha morea de pillabáns e de espantallos que non poden facer nin ben nin mal nun país, senón os que están posuídos por unha ambición ardente e unha avidez notable agrúpanse arredor del e o sosteñen para ter parte no botín e para ser, baixo o gran tirano, outros tantos pequenos tiranciños.

Tales son os grandes ladróns e os famosos corsarios, uns recorren o país, outros perseguen ós viaxeiros; uns están en emboscada, os outros axexan; uns massacran, os outros despoñan, e aínda que entre eles haxa preeminencias, que uns só sexan os servidores e os outros os xefes da banda, ó fin non hai ningún que non se aproveite, se non é do botín principal, ó menos dos seus restos. Disque os piratas cilicios se reuniron en tan gran número que fixo falta enviar contra eles o gran Pompeio, e que trouxeron á

súa alianza varias fermosas e grandes cidades nos portos das que, volvendo das súas correrías, se puñan ó seguro, dándolles a cambio unha parte das pillaxes que recibiran.

É así como o tirano fai servos ós seus suxeitos os uns polos outros. Gárdano aqueles dos que debería gardarse, se valeran algo. Pero xa o dixeron moi ben: para fender a madeira, fanse cuñas da mesma madeira; así son os seus arqueiros, os seus gardas, os seus alabardeiros. Non é que estes non o sufran a miúdo eles mesmos; pero eses miserables abandonados de Deus e dos homes se contentan con aturar o mal e de facerllo, non ó que llelo fai, senón ós que, coma eles, o aturan e non poden facer doutro xeito. Cando penso nesas xentes que gaban o tirano para explotar a súa tiranía e a servidume do pobo, síntome case tan a miúdo admirado da súa maldade coma apiadado da súa estupidez.

Porque, a dicir verdade, aproximarse ó tirano, non é arredarse da liberdade dun, e, por así dicir, bicar e apertar coas dúas mans a servidume? Que poñan un momento aparte a súa ambición, que se separen un pouco da súa avidez, e que se mirenen despois, que se consideren a si mesmos: verán claramente que eses labregos, eses aldeáns que poñen ós seus pes, que tratan coma forzados ou escravos, verán, digo, que eses, tan maltratados, son máis felices ca eles, e dalgún xeito máis libres. O labrego e o artesán, por moi servos que sexan, libéranse obedecendo; pero o tirano ve ós que o rodean maliciosos e mendigando o seu favor. Non só fai falta que fagan o que lles ordena, senón tamén que pensen o que quere e a miúdo mesmo, para satisfácelo que preveñan os seus propios desexos. Non chega con obedecelo, aínda hai que compracelo; teñen que romperse, atormentarse, matarse a tratar os seus asuntos, e, xa que só se compracen co seu pracer, que sacrificar o seu gusto ó del, forzar o seu temperamento e despojar a súa natureza. Teñen que estar atentos ás súas palabras, á súa voz, ás súas miradas, ós seus xestos: os seus ollos, os seus pes, as súas mans teñen que estar continuamente ocupados en espíar as súas vontades e a adiviñar os seus pensamentos.

É isto vivir feliz? É mesmo vivir? hai algo no mundo máis insoportable que este estado, non digo para calquera home afoutado, senón aínda para o que só ten o simple sentido común, ou o aspecto dun home? Que condición é máis miserable que a de vivir así, sen ter nada de seu, e tendo por outro a súa comodidade, a súa liberdade, o seu corpo e a súa vida?

Pero queren servir para amasar bens: coma se non puideran gañar nada que fora deles, xa que non poden dicir sequera que son deles mesmos. E coma se alguén puidera

ter algo de seu baixo un tirano, queren facerse posuidores de bens, esquecendo que son eles os que lle dan a forza de arrebatarse todo a todos, e de non deixar nada que se poida dicir que é de alguén. Ven sen embargo que son os bens os que fan ós homes dependentes da súa crueldade; que non hai ningún crime máis digno da morte, segundo el, que a vantaxe sobre outro; que só ama as riquezas e que só ataca ós ricos; estes veñen sen embargo presentarse a el coma cordeiros diante do carnicero, cheos e ben fartos, coma para darlle gana.

Eses favoritos deberían lembrar menos os que gañaron moito ó carón dos tiranos que os que, fartándose algún tempo, perderon pouco despois os bens e a vida. Deberían pensar menos no gran número dos que adquiriron riquezas que no pequeno número dos que as conservaron. Que revisen tódalas historias antigas e que recorden todas aquelas que lembramos, verán que numerosos son os que, chegados por malos medios ó oído dos príncipes, xa fora gabando as súas malas tendencias, xa fora abusando da súa inocencia, acabaron por ser esmagados por eses mesmos príncipes, que puxeran tanta facilidade para elevalos coma inconstancia en defendelos. Entre o gran número dos que se atoparon cerca dos malos reis, hai poucos ou case non hai que non experimentaran a crueldade do tirano, que atizaran antes contra outros. A miúdo enriquecidos á sombra do seu favor dos desposos de outro, finalmente enriquecérono cos seus propios desposos.

E mesmo a xente de ben –ás veces ocorre que o tirano os quere-, por moi avanzados que estean na súa gracia, por moi brillantes que sexan neles a virtude e a integridade (que, incluso ós malvados, lles inspiran algún respecto cando se as ve de cerca); esas xentes de ben, digo, non saberían manterse a carón do tirano; é necesario que se resintan tamén do mal común e que experimenten a tiranía ás súas expensas. Coma un Séneca, Un Burrus, un Traseas: esta trindade de xentes de ben, os dous primeiros dos cales tiveron a desgracia de aproximarse a un tirano que lles confiou a xestión dos seus asuntos, os dous queridos por el, e aínda que un deles o educara, tendo por proba da súa amizade os cuidados que lle dera durante a súa infancia, eses tres, a morte dos cales foi tan cruel, non son exemplos suficientes da pouca confianza que se debe ter no favor dun señor malo? En verdade, que amizade se pode esperar de aquel que ten o corazón duro dabondo para odiar a todo un reino que non fai máis que obedecelo, e dun ser que, sen saber amar, se empobrece el mesmo e destrúe o seu propio imperio?

Agora ben, se se quere dicir que Séneca, Burrus e Traseas só experimentaron esta desgracia por teren sido demasiado boa xente, que se busque atentamente arredor do mesmo Nerón: verase que tódolos que estiveron en gracia ó seu carón e que se mantiveron nela pola súa maldade non tiveron mellor fin. Quen oíu falar nunca dun amor tan desenfreado, dunha afección tan tenaz, quen viu nunca un home tan obstinadamente unido a unha muller coma este o estivo a Popea? Agora ben, envelenouna el mesmo. A súa nai, Agripina, para situalo no trono, matara ó seu propio marido Claudio; emprendera todo e todo o sufrira para favorecelo. E sen embargo o seu fillo, o seu meniño, aquel que ela fixera emperador coas súas propias mans, quitoulle a vida despois de maltratala a miúdo. Ninguén negou que ela merecera ben este castigo, se calquera outro llo inflixira.

Quen foi nunca máis fácil de manexar, máis simple e, por mellor dicir, máis parvo que o emperador Claudio? Quen estivo nunca máis ganado por unha muller que el de Mesalina? Sen embargo entregouna ó verdugo. Os tiranos estúpidos seguen sendo estúpidos hasta o punto de non saber nunca facer o ben, pero non sei como, ó fin, a pouca intelixencia que teñen acorda neles para usar a crueldade mesmo contra os seus próximos. É ben coñecida a frase de aquel que, vendo descuberta a gorxa da súa muller, da que máis amaba, sen a que parecía que non podería vivir, dirixiulle este fermoso cumprimento: “Esa fermosa gorxa será cortada de inmediato, se o ordeno” Velaí por que á maioría dos antigos tiranos os mataron case todos os seus favoritos: coñecendo a natureza da tiranía, estes non estaban nada seguros da vontade do tirano e desconfiaban do seu poder. Así foi como Stephanus matou a Domiciano, unha das súas amantes a Comodo, e o centurión Marcial excitado po Macrin a Caracalla, e o mesmo case tódolos outros.

De certo o tirano non ama nunca e nunca é amado. A amizade é un nome sagrado, unha cousa santa. Só existe entre xente de ben. Nace dunha estima mutua e mantense menos polos bens feitos que pola honestidade. O que fai que un amigo estea seguro do outro é o coñecemento da súa integridade. Ten por garantas dela a súa boa natureza, a súa fidelidade, a súa constancia. Non pode haber amizade onde se atopan a crueldade, a deslealdade, a inxustiza. Entre malvados, cando se reúnen, o que hai é un complot, non unha sociedade. Non se aman, senón que se temen. Non son amigos, senón cómplices.

Mesmo cando isto non fora así, sería difícil atopar nun tirano un amor seguro, porque estando sobre todos e non tendo pares, xa está alén dos límites da amizade. Esta florece na igualdade, a marcha da cal é sempre igual e non pode fallar nunca. Velaí por que hai ben, coma se di, unha especie de boa fe entre os ladróns no reparto do botín, porque entón todos son iguais e compañeiros. Se non se aman, polo menos témense. Non queren minorar a súa forza desuníndose.

Pero os favoritos dun tirano non poden nunca contar con el porque eles mesmos lle ensinaron que o pode todo, que ningún dereito nin deber o obriga, que está habituado a non ter por razón máis que a súa vontade, que non ten igual e que é o señor de todos. Non é deplorable que, a pesar de tantos exemplos notables, sabendo que o perigo está tan presente, ninguén queira sacar a lección das miserias de outro e que tanta xente se aproxime de bo grado ós tiranos? Que non se atope ningún para ter a prudencia e o valor de dicirlles, coma o raposo da fábula ó *león que facía o enfermo*: “Íría de boa gana a visitarte na túa guarida; pero vexo bastantes trazas dos animais que entran; en canto ós que saen, non vexo ningunha.”

Eses miserables ven relucir os tesouros do tirano; admiran, todos asombrados, o escintilar da súa magnificencia; engaiolados por este resplandor, aproxímanse sen darse de conta que se botan nunha chama que non pode deixar de devoralos. Así, o sátiro imprudente da fábula, vendo arder o lume arrebatado por Prometeo, atopouno tan fermoso que foi bicalo e queimouse nel. Así a bolboreta que esperando gozar dalgún pracer, se bota ó lume porque o ve brillar, experimenta pronto, como di Lucano, que ela tamén ten o poder de arder.

Pero supoñamos aínda que eses favoritos escapan ás mans do que serven, nunca se salvan das do rei que o sucede. Se é bo, entón failles falta render contas e someterse á razón; se é malvado coma o seu antigo señor, non pode deixar de ter el tamén os seus favoritos que, de ordinario, non contentos con collerlles o sitio, sácanlles o máis a miúdo os seus bens e a súa vida. Pode ser pois que se atope alguén que, fronte a tal perigo e con tan poucas garantías, queira tomar unha posición tan desgraciada e servir con tantos sufrimentos a un señor tan perigoso?

Que pena, que martirio, gran Deus! Estar ocupado día e noite a complacer a un home e desconfiar del máis que de calquera outro no mundo. Ter sempre o ollo axexando, a orella á escoita, para espíar de onde virá o golpe, para descubrir os obstáculos, para tentar o rostro dos seus competidores, para adiviñar o traidor. Sorrir a

cada un e desconfiar de todos, non ter nin inimigo aberto nin amigo asegurado, mostrar sempre un rostro rindo cando o corazón está transido; non poder ser feliz, nin ousar estar triste!

É verdadeiramente agradable considerar o que obteñen dese gran tormento, e ver o ben que poden conseguir da súa pena e da súa vida miserable: non é ó tirano a quen o pobo acusa do mal que sofre, senón ós que o gobernan.

Aqueles, os pobos, as nacións, a cada cal máis, hasta os labregos, os traballadores coñecen os seus nomes, contan os seus vicios; amasan sobre si mil aldraxes, mil insultos, mil xuramentos. Todas as pregarias, todas as maldicións son contra eles. Tódalas desgracias, tódalas pestes, tódalas fames negras póñense á súa conta; e se ás veces parecen renderlles homenaxe, ó mesmo tempo maldícenos do fondo do corazón e téñenlles máis horror que ás bestas salvaxes. Velaí a gloria, velaí o honor que recollen dos seus servizos a carón da xente que, se cada un puidera ter un anaco do seu corpo, non se estimarían aínda satisfeitos nin mesmo consolados a medias do seu sufrimento. Mesmo despois da súa morte, os seus superviventes non descansan hasta que o nome destes come pobos non sexa ennegrecido coa tinta de miles de plumas, e a súa reputación desfeita en mil libros. Mesmo os seus osos son, por así dicir, arrastrados na lama pola posteridade, como para castigalos aínda despois da súa morte pola súa malvada vida.

Aprendamos pois; aprendamos a facer ben. Ergamos os ollos cara ó ceo pola nosa honra ou polo amor da virtude, mellor aínda, polos de Deus todopoderoso, fiel testemuña dos nosos actos e xuíz das nosas faltas. Para min, eu penso –e creo que non me trabuca- xa que nada é máis contrario a un Deus bo e liberal que a tiranía, que reserva aí abaixo expresamente, para os tiranos e os seus cómplices, unha pena particular.